



HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN A

ORIENTACIÓNS: Os seguintes documentos permiten elaborar unha composición sobre a situación que se viviu en España logo da guerra civil. Nela debes abordar as seguintes cuestións: a instauración dun réxime político ditatorial, comezada xa durante a contenda bélica; a penuria económica dos longos anos de posguerra e a adopción dunha política autárquica; a amizade coas potencias fascistas e o posterior illamento internacional. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1.-Discurso de Francisco Franco (18 de xullo de 1938), en conmemoración do Alzamiento Nacional:

“Correspóndenos a paladinaxe dunha fe, unha civilización e unha cultura gravemente ameazadas polos principios roxo-comunistas (...).

Á irresponsabilidade política dos partidos liberais, sucede a unidade da nosa Cruzada, orgánicamente constituída; a un Estado neutro e sen ideais, substitúeo o misional e totalitario, que orienta ao pobo sinalándolle o camiño (...).

Hai que soldar ao pobo, dividido polos partidos; hai que unir medio século de separacións; hai que borrar os prexuízos da loita de clases (...); hai que elevar os principios do *Movimiento*”.

Doc.2.-“Fundamentos e directrices dun Plano de saneamento da nosa economía, harmónico coa nosa reconstrución nacional” (1939), por Francisco Franco:

“Imponse á nosa política comercial no exterior:

1º.Suprimir importacións que non sexan indispensables.

2º.Reducir aquelas que poidan ter un substitutivo ou permitan esta redución.

3º.Implantación de novas industrias e regos que nos faciliten os produtos que hoxe importamos.

4º.Intensificar as nosas exportacións, mesmo primándoas”.

Doc.4.-Entrevista entre Franco e Hitler en Hendaia (1940):



Doc.3.-Cartilla de racionamento, 1952:



Doc.5.-En decembro de 1946, a Asemblea Xeral da ONU condena o réxime de Franco:

“A) Pola súa orixe, natureza, estrutura e comportamento xeral, o réxime de Franco é un réxime fascista, organizado e implantado en grande parte mercede á axuda da Alemaña nazi e da Italia fascista de Mussolini.

B) Durante a longa loita das Nacións Unidas contra Hitler e Mussolini, Franco prestou unha axuda moi considerable ás potencias inimigas, malia as continuas protestas dos aliados (...).

A Asemblea Xeral (...), recomenda que se prohiba ao Goberno de Franco pertencer aos organismos internacionais creados polas Nacións Unidas ou relacionados con elas (...).

Así mesmo, a Asemblea recomenda que todos os Estados membros das Nacións Unidas retiren inmediatamente os embaixadores e ministros plenipotenciarios que teñen acreditados en Madrid”.

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

Os documentos que seguen teñen como asunto central a reiterada intromisión do Exército na vida política. Na túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: as formas que adopta o intervencionismo militar; as consecuencias do mesmo (cambio de goberno, ditadura, guerra); a variedade e evolución das posturas políticas promocionadas dende o Exército. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1.-Manifiesto que dirixe á Nación Española Juan Díaz Porlier o 21 de setembro de 1815:

“O noso obxecto é o de España enteira: unha monarquía sometida a leis xustas e sabias, e constituída dunha maneira que sexa garantía, o mesmo das prerrogativas do trono que dos dereitos da nación. Pedimos a convocatoria de Cortes nomeadas polo pobo, e que estas teñan liberdade de facer na Constitución proclamada polas Cortes extraordinarias, os cambios que esixe a nosa situación (...). Firmes na nosa resolución, non deixaremos as armas (se nos vemos na obriga de recorrer a elas) antes de obter o que pedimos”.

Doc.2.-Así interpreta un comentarista da época a presenza militar na política (*El pensamiento de la nación, 1846*):

“As queixas contra a preponderancia militar datan xa de moito tempo; hai longos anos que as fraccións liberais se acusan unhas ás outras polos estados de sitio; e unha provincia en estado de sitio é unha provincia entregada ao poder militar. O que en 1834 e 1835 dicían os progresistas contra os moderados, dixeron os moderados contra os progresistas en 1836 e 1837; ata 1840 tocoulles a quenda aos progresistas repetir os mesmos cargos, que logo reproduciron os moderados ata 1843; desde o pronunciamento de xuño do mesmo ano, quéixanse outra vez os progresistas. Se algún día os moderados sucumben, é probable que os progresistas lles ofrecerán abundantes motivos para a terceira edición de idénticas reclamacións. O nome das persoas e dos homes non significa nada: o feito é o mesmo.

Desde a morte de Fernando VII a preponderancia estivo no poder militar (...); as cortes e os ministerios non puideron facer nada contra a forza das armas”.

Doc.3.-O historiador Raymond Carr analiza a influencia militar na política da Restauración:

“Ata a Restauración da monarquía en 1874, o instrumento efectivo de protesta e cambio políticos foi o Exército, que parecera perder este papel como consecuencia da “desmilitarización” da política realizada por Cánovas. Ata 1923, agás o levantamento republicano de Villacampa, ningún xeneral iniciou un pronunciamento.

Esta aparencia civil da vida política da Restauración é enganosa: os xenerais deixaban a política aos civís só a condición de que estes non tocan o Exército e de que eles mesmos seguiran a ser figuras influíntes na vida política. O tenente xeneral Martínez Campos (...) era consultado en tódalas crises políticas importantes, e a España conservadora dirixírase ao xeneral Polavieja para que a salvara en 1898-99 (...). O ministro da Guerra foi sempre un xeneral, e o orzamento militar unha “reserva sacrosanta” ante a cal os políticos civís experimentaban inhibición total”.

Doc.4.-Declaración ante a prensa de Primo de Rivera, 16 de setembro de 1923:

“Eu non son un ditador. Ninguén pode, con xustiza, aplicarme esta denominación. Son un home a quen os seus camaradas de armas, acaso erroneamente, honraron coa difícil misión de dirixir a reconstrución da Patria”.

Doc.5.-Pouco despois do inicio da guerra civil, na chamada zona nacional comezou a instaurarse un réxime que concentraba todos os poderes na persoa dun militar:

“Decreto 138/1936, de 29 de Setembro (...):

Organizada con perfecta normalidade a vida civil nas provincias rescatadas, e establecido o enlace entre as varias fronteiras dos Exércitos que loitan pola salvación da Patria, á vez que pola causa da civilización, imponse xa un réxime orgánico e eficiente, que responda axeitadamente á nova realidade española e prepare, coa máxima autoridade, o seu porvir (...).

Artigo 1.º En cumprimento do acordo adoptado pola *Junta de Defensa Nacional*, noméase Xefe de Goberno do Estado Español ao Excmo. Sr. Xeneral de División don Francisco Franco Bahamonde, quen asumirá todos os poderes do novo Estado”.

HISTORIA DE ESPAÑA**OPCIÓN A**

Os seguintes documentos permiten abordar algúns aspectos da evolución social e a vida cotiá durante a ditadura franquista. Na túa redacción debes tratar as seguintes cuestións: trazos xerais da evolución socioeconómica; o papel da censura na represión das liberdades en diferentes ámbitos; a imposición excluínte da moral católica; a subordinación da muller, en situación de desigualdade legal. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Doc.1. O poeta Manuel María lembra os difíciles anos da posguerra en Outeiro de Rei (Lugo):

“Na posguerra inmediata comezaron a escasear os alimentos. Estaba racionado o azucre, o café, o aceite, o xabón, o pan e outras provisións. Había unhas cartillas, chamadas de “racionamento”, cuns cupos para controlar estes artigos. Con frecuencia tardaban moito en chegar ás tendas”.

Doc.2. A censura reprimía a liberdade de expresión en todos os ámbitos. Dous exemplos:**A) Instrución de 1942:**

“¡Atención censores! Todas as fotografías sobre campionatos de deportes da Sección Feminina, nas que as camaradas estean ensinando os xeonllos están prohibidas e por tanto deberán ser riscadas”.

B) Informe do censor sobre a obra de Ricardo Gullón “La poesía de Luis Cernuda” (1952):

“Exaltación dun autor (...) que combateu publicamente ao Réxime (...). Non se trata de riscaduras como as aconsellables nas páxinas 2, 20, 24, 25, 26, 27, 28, 30, 37 e 38, senón do problema de resolver sobre a apoloxía dunha figura e unha temática declaradamente inimiga dos principios relixiosos (...). É blasfematorio (...), é uranista (...) é roxo”.

Doc.3. Normas de modestia. Diócese de Málaga, 1943:

“11ª. Repróbase como práctica inmoral (...) que os noivos anden sós por lugares afastados, como tamén que se permitan actitudes e familiaridades impropias entre os que aínda non están unidos polo santo sacramento do matrimonio (...).

13ª. Os bailes modernos (...) constitúen, falando obxectivamente, pecado grave de luxuria ou polo menos de escándalo”.

Doc.3. Consellos da Sección Feminina para ser unha boa esposa (1953):

“Fai que se sinta ás súas anchas. Deixa que se acomode nunha cadeira de brazos ou se recoste no cuarto. Ten unha bebida quente lista para el (...). Arranxa a súa almofada e ofrece quitarlle os zapatos. Fala con voz doce e pracenteira”.

Doc.4. Código Civil (1958):

“Artigo 57. O marido ten que protexer a muller e esta tenlle que obedecer ao marido.

Artigo 58. A muller está obrigada a seguir o marido onde este fixe a súa residencia.

Artigo 59. O marido é o administrador único dos bens da sociedade conxugal”.

Doc.5. Variación dalgúns indicadores do nivel de benestar na década dos sesenta:

	1960	1970
Renda por habitante (en dólares)	290	818
Taxa de analfabetismo (por 100 habitantes)	11,2	5,7
Teléfonos (por 1.000 habitantes)	59	135
Televisores (por 1.000 habitantes)	5	70
Frigoríficos (produción por 1.000 habitantes)	1	25
Enerxía eléctrica (Kw/h por habitante e ano)	612	1.515

HISTORIA DE ESPAÑA

OPCIÓN B

ORIENTACIÓNS: *Os seguintes documentos deben permitirche a realización dunha composición sobre o período histórico comprendido entre 1808 e 1814, no que se desenvolve a chamada Guerra da Independencia. Nela debes tratar as seguintes cuestións: O inicio da sublevación e a organización da resistencia en diferentes ámbitos territoriais; a diversidade de obxectivos e intereses dos combatentes contra os franceses; a revolución política que en paralelo á guerra tenta asentar o liberalismo. Podes referirte para concluír ao remate da guerra e á volta ao trono de Fernando VII. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc. 1.-Orde do mariscal Murat (2 de maio de 1808):

“Soldados: a poboación de Madrid sublevoouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa (...)

Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados coma uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”.

Doc. 2.-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.

Doc. 3.-O militar e político liberal Evaristo San Miguel expón neste escrito (1836) os diversos proxectos dos combatentes contra os franceses:

“De todos os xeitos non é menos certo que a invasión dos franceses foi o principio das nosas diferenzas internas e a guerra da independencia unha especie de guerra civil ao mesmo tempo.

Aos nobres, a dinastía estranxeira éralles odiosa menos polo nova que polos indicios que daba de reformadora. Do lexislador dun pobo onde todo estaba nivelado pola lei da igualdade debía desconfiar moito o privilexio das clases exclusivas. O berro de guerra na súa boca foi a oposición ao espírito innovador que os ameazaba (...).

Os ilustrados eran un número considerable e non podían ter, no seu pronunciamento contra o emperador, só a mira de volver ao Estado anterior. Non era posible (...) que lles gustase volver ao antigo despotismo os que o consideraban como unha das causas dos males que os aflixían. O berro de guerra dirixido contra os franceses tiña tamén por branco os excesos, as desordes que afearan as administracións anteriores”.

Doc. 4.-Constitución de 1812:

“Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios (...).

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais (...).

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria.

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais”.

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema a desenvolver, a situación de España durante os longos anos da posguerra, centrando a atención nos ámbitos político e socioeconómico, así como na posición do país na escea internacional. Deben ser respondidas na redacción as cuestións mencionadas nas orientacións:

- A instauración da ditadura franquista como resultado da guerra civil, salientando as súas características ideolóxicas esenciais, antidemocráticas e cunha vocación totalitaria.
- A implantación dunha política económica autárquica, aludindo ás liñas e sectores priorizados, aos instrumentos postos ao seu servizo e ao contexto de miseria, escaseza e racionamento de produtos básicos en que comezou a ser aplicada e que marcaría a longa posguerra.
- Unha política exterior definida inicialmente pola amizade coas potencias do Eixe, que deu paso ao illamento internacional logo da vitoria aliada en 1945.
- É pertinente, pero non esixible, facer referencia tanto ao abandono da autarquía, simbolizado no Plano de Estabilización de 1959, como á superación do illamento (acordos cos Estados Unidos, Concordato, integración na ONU).

OPCIÓN B

Como tema abordado, o carácter recorrente da intromisión militar na política nos séculos XIX e XX, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- As formas que adopta dita intromisión, destacando a frecuencia dos pronunciamentos.
- As consecuencias da *tradición* intervencionista e tutelar na política española, con efectos que van dende *simples* cambios de goberno ata a guerra civil ou a instauración unha ditadura militar.
- A variedade ideolóxica das intervencións políticas dos militares (como exemplos poden servir os momentos citados nos documentos ou calquera outro), sendo perceptible dende a Restauración o progresivo predominio de posicións reaccionarias e autoritarias

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, e aínda que a cualificación sexa outorgada de maneira global (0-10), na avaliación teranse en conta os seguintes aspectos: presentación e comprensión xeral do tema abordado, elaboración persoal deste utilizando os documentos propostos e respondendo ás cuestións presentadas nas orientacións, e coñecementos específicos sobre os asuntos que deben ser tratados. Transversalmente, valorarase a capacidade do alumno/a de realizar unha redacción clara, coherente e con certo rigor conceptual.

OPCIÓN A

Como tema a desenvolver, diversos aspectos da situación socioeconómica e cultural durante o franquismo, atendendo aos asuntos tratados nos documentos e respondendo ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- Liñas básicas da evolución económica, dende a miseria dos anos de posguerra ao crecemento económico dos anos sesenta.
- O papel da censura e a súa incidencia na información e na cultura.
- O poder da Igrexa na represión e conformación da moral pública.
- A discriminación e subordinación da muller, refrendada mesmo en termos legais.

OPCIÓN B

Como tema abordado, o período no que se desenvolve a chamada Guerra da Independencia, dando resposta no seu desenvolvemento ás cuestións mencionadas nas orientacións:

- As circunstancias nas que se produce a ocupación do territorio español polas tropas francesas e o inicio da sublevación.
- As formas de organización e loita contra os franceses.
- As diferentes posturas ideolóxicas e obxectivos dos combatentes, salientando a confrontación interna arredor dos mesmos.
- A revolución política que ten nas cortes de Cádiz, a mellor plasmación do primeiro intento de construír unha España liberal, aludindo ás máis importantes medidas adoptadas.